

I. DISPOSICIÓN XERAIS

BANCO DE ESPAÑA

- 1475** *Circular 2/2021, do 28 de xaneiro, do Banco de España, que modifica a Circular 8/2015, do 18 de decembro, do Banco de España, ás entidades e sucursais adscritas ao Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito, sobre información para determinar as bases de cálculo das achegas ao Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito.*

I

O Real decreto 1464/2018, do 21 de decembro, polo que se desenvolven o texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2015, do 23 de outubro, e o Real decreto lei 21/2017, do 29 de decembro, de medidas urxentes para a adaptación do dereito español á normativa da Unión Europea en materia de mercado de valores, e polo que se modifica parcialmente o Real decreto 217/2008, do 15 de febreiro, sobre o réxime xurídico das empresas de servizos de investimento e das demais entidades que prestan servizos de investimento, e polo que se modifican parcialmente o Regulamento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, aprobado polo Real decreto 1309/2005, do 4 de novembro, e outros reais decretos en materia de mercado de valores, modificou o Real decreto 217/2008, do 15 de febreiro, sobre o réxime xurídico das empresas de servizos de investimento e das demais entidades que prestan servizos de investimento, e polo que se modifica parcialmente o Regulamento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, aprobado polo Real decreto 1309/2005, do 4 de novembro (en diante, «Real decreto 217/2008»), introducindo nel, entre outros, os artigos 30 quáter e 43.

O artigo 30 quáter do Real decreto 217/2008 prevé que o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito (en diante, «FGD»), en caso de concurso dunha entidade de crédito, cubra os saldos mantidos polas empresas de servizos de investimento en contas instrumentais e transitorias de efectivo abertas a nome da empresa de servizos de investimento por conta dos seus clientes na entidade declarada en concurso. En relación co anterior, o número 3 do artigo 43 desta norma engade que, cando as empresas de servizos de investimento depositen efectivo dos clientes nunha entidade de crédito, deberán individualizar os saldos correspondentes a cada cliente e comunicar á entidade de crédito periodicamente os datos individualizados daqueles.

Pola súa parte, a Circular 8/2015, do 18 de decembro, do Banco de España, ás entidades e sucursais adscritas ao Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito, sobre información para determinar as bases de cálculo das achegas ao Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito (en diante, «Circular 8/2015»), establece a información que as entidades de crédito e sucursais adscritas ao FGD deben remitir e ter á disposición do Banco de España sobre os seus depósitos garantidos, para os efectos de calcular as súas achegas ao citado FGD.

Os cambios citados no Real decreto 217/2008 fan necesario modificar a Circular 8/2015 para establecer como se debe recoller a nova información que, de acordo con eles, deben remitir e ter á disposición do Banco de España as entidades de crédito e sucursais adscritas no FGD, no estado «Información para determinar as bases de cálculo das achegas ao Fondo de Garantía de Depósitos» e no «Rexistro detalle dos depósitos recibidos», que figuran, respectivamente, nos anexos 1 e 2 da referida Circular 8/2015.

Ao mesmo tempo, introdúcese requisitos de información adicionais para as entidades e sucursais adscritas ao FGD, que aseguren o correcto cumprimento das obrigacións de cooperación do FGD establecidas a escala europea e que sobre esta materia derivan do vixente marco normativo. En particular, o artigo 9.8 do Real decreto 2606/1996, do 20 de decembro, sobre fondos de garantía de depósitos de entidades de crédito (en diante,

«Real decreto 2606/1996»), incorporado nesta norma polo Real decreto 1012/2015, do 6 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento, e polo que se modifica o Real decreto 2606/1996, do 20 de decembro, sobre fondos de garantía de depósitos de entidades de crédito, recolle que, no marco do sistema de pagamentos transfronteirizos, o FGD español comunicará periodicamente ao sistema de garantía de depósitos do Estado membro de acollida, onde as entidades adscritas ao FGD español teñan establecidas sucursais, información sobre o importe agregado dos depósitos admisibles e garantidos de cada depositante.

II

Esta circular consta dunha norma e dunha disposición derradeira.

A norma única modifica a Circular 8/2015 da seguinte maneira:

– Modifícase a norma terceira para substituír as referencias á derogada Circular 4/2004, do 22 de decembro, pola Circular 4/2017, do 27 de novembro, a entidades de crédito, sobre normas de información financeira pública e reservada, e modelos de estados financeiros.

– Modifícase a norma cuarta para fixar a periodicidade mínima con que as entidades e sucursais adscritas ao FGD deben actualizar, no Rexistro detalle dos depósitos recibidos regulado no anexo 2, a información relativa aos saldos mantidos por empresas de servizos de investimento en contas instrumentais e transitorias de efectivo abertas na entidade ou sucursal adscrita ao FGD, a nome da empresa de servizos de investimento por conta dos seus clientes.

– Substitúese o anexo 1, «Información para determinar as bases de cálculo das achegas ao Fondo de Garantía de Depósitos», por outro anexo 1, de igual nome, que constará de dúas partes, A e B.

No modelo da parte A, «Información relativa aos compartimentos de garantía de depósitos e de valores», mantense a información que ata a entrada en vigor desta circular remiten as entidades adscritas ao FGD e realízanse os axustes necesarios para recoller a información sobre os depósitos constituídos por empresas de servizos de investimento en contas instrumentais e transitorias de efectivo abertas a nome da empresa de servizos de investimento na entidade declarante por conta dos seus clientes, segundo o establecido nos artigos 30 quáter e 43.3 do Real decreto 217/2008. Ademais, para os depósitos admisibles engádese o detalle entre os captados polas oficinas radicadas en España («Negocios en España») e os captados polas sucursais noutros países da Unión Europea («Negocios en sucursais noutros Estados membros da Unión Europea»). Por último, engádese unha parte B ao anexo 1 da Circular 8/2015, cun modelo en que se inclúe a desagregación por países de residencia das sucursais dos depósitos admisibles e garantidos.

– Modifícase o anexo 2, «Rexistro detalle dos depósitos recibidos», para precisar como se deben recoller neste rexistro os saldos individualizados de cada cliente correspondentes ás contas instrumentais e transitorias de efectivo abertas na entidade ou sucursal adscrita ao FGD por empresas de servizos de investimento, a nome destas, pero por conta dos seus clientes, segundo o establecido nos artigos 30 quáter e 43.3 do Real decreto 217/2008.

A circular entrará en vigor o 30 de xuño de 2021.

III

Esta circular atende aos principios de necesidade, eficacia e seguridade xurídica exixidos polo artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (en diante, «Lei 39/2015»), xa que responde á necesidade de acometer os cambios que aseguren o correcto cumprimento das obrigacións

contidas na Circular 8/2015 por parte das entidades e sucursais adscritas ao FGD e, polo tanto, o cumprimento, por parte do Banco de España, da función de control e supervisión destinada a asegurar o adecuado funcionamento do Fondo de Garantía de Depósitos. Aténdese tamén aos principios de proporcionalidade e eficiencia establecidos na citada lei, posto que se prevén unicamente aqueles requirimentos de información imprescindibles para dar cumprimento aos cambios no Real decreto 217/2008, mencionados con anterioridade, así como os requisitos de información adicionais para as entidades e sucursais adscritas ao FGD, que aseguren o correcto cumprimento das obrigacións de cooperación do FGD establecidas a escala europea e que sobre esta materia derivan do vixente marco normativo.

O principio de transparencia acádase a través da consulta pública previa aos potenciais afectados, fixada polo artigo 133 da Lei 39/2015, e da audiencia pública aos interesados; ambas forman parte do proceso de tramitación da presente circular. Tanto a consulta como a audiencia se levaron a cabo, durante o proceso de elaboración desta circular, mediante a súa publicación no sitio web do Banco de España, e déuselles a oportunidade de manifestar as súas observacións aos destinatarios da norma, aos organismos competentes e aos interesados en xeral.

O Real decreto 2606/1996, na súa disposición derradeira primeira, autoriza o Banco de España a desenvolver as cuestións técnico-contables relativas aos conceptos de depósitos e valores garantidos. Pola súa parte, a Orde do 31 de marzo de 1989 outorga ao Banco de España a facultade de establecer e modificar as normas de contabilidade e modelos dos estados financeiros das entidades de crédito, incluída, en concreto, a facultade de establecer os estados de carácter reservado necesarios para que poida cumprir as súas funcións de control e inspección.

En consecuencia, en uso das facultades que ten concedidas, o Consello de Goberno do Banco de España, por proposta da Comisión Executiva, e de acordo co Consello de Estado, aprobou esta circular, que contén a seguinte norma:

Norma única. *Modificación da Circular 8/2015, do 18 de decembro, do Banco de España, ás entidades e sucursais adscritas ao Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito, sobre información para determinar as bases de cálculo das achegas ao Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Circular 8/2015, do 18 de decembro:

a) Na norma terceira, «Criterios de valoración», realízanse as seguintes modificacións:

i) Na letra a) substitúese «Circular do Banco de España 4/2004, do 22 de decembro» por «Circular do Banco de España 4/2017, do 27 de novembro».

ii) Na letra b) substitúese «Circular do Banco de España 4/2004» por «Circular do Banco de España 4/2017».

b) Modifícase a norma cuarta, «Información sobre depósitos en diñeiro», que queda redactada nos seguintes termos:

«1. As entidades e sucursais adscritas ao FGD deberán ter á disposición do Banco de España, en todo momento, o «Rexistro detalle dos depósitos recibidos» establecido no anexo 2, coas especificacións contidas nel.

2. A información relativa aos depósitos no «Rexistro detalle dos depósitos recibidos» deberá estar actualizada permanentemente, excepto a correspondente aos saldos mantidos por empresas de servizos de investimento en contas instrumentais e transitorias de efectivo abertas na entidade ou sucursal adscrita ao FGD a nome da empresa de servizos de investimento por conta dos seus clientes, que se actualizará, polo menos, trimestralmente ou cando o solicite o Banco de España.

3. Ademais do sinalado no punto anterior, a información individualizada de cada un dos clientes que compoñen o saldo mantido por empresas de servizos de investimento en contas instrumentais e transitorias de efectivo abertas na entidade ou sucursal adscrita ao FGD, a nome da empresa de servizos de investimento por conta dos seus clientes, deberá estar dispoñible por todas as entidades no momento en que se produza algún dos eventos de pagamento sinalados no artigo 8.1 do Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro, polo que se crea o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito.»

c) Substitúese o anexo 1, «Información para determinar as bases de cálculo das achegas ao Fondo de Garantía de Depósitos», polo que figura no anexo desta circular.

d) No anexo 2, «Rexistro detalle dos depósitos recibidos», realízanse as seguintes modificacións:

i) Modifícase o terceiro punto, sobre as características xerais do arquivamento, que queda redactado como segue:

«Para cada conta ou depósito, incluídos os fondos procedentes de situacións transitorias por operacións de tráfico conforme o sinalado no artigo 4.1 do Real decreto 2606/1996 e os procedentes dos saldos mantidos por empresas de servizos de investimento en contas instrumentais e transitorias de efectivo abertas na entidade ou sucursal adscrita ao FGD declarante, a nome da empresa de servizos de investimento por conta dos seus clientes, segundo o establecido no artigo 30 quáter do Real decreto 217/2008 (en diante, «depósitos»), incluírase un rexistro por titular e depósito, coas seguintes excepcións:

– En caso de tratarse de depósitos multdivisa, emitirase informe sobre un rexistro por titular, depósito e divisa.

– En caso de tratarse de depósitos que contén con imposicións con diferentes datas de vencemento, emitirase informe sobre un rexistro por titular, depósito e data de vencemento da imposición.

– No caso dos saldos mantidos por empresas de servizos de investimento en contas instrumentais e transitorias de efectivo abertas na entidade ou sucursal adscrita ao FGD, a nome da empresa de servizos de investimento por conta dos seus clientes cuxos depósitos non estean excluídos da cobertura do FGD en virtude de número 4 do artigo 4 do Real decreto 2606/1996, incluírase un rexistro individualizado para cada un destes clientes co seu correspondente saldo.

En consecuencia, debe existir un único rexistro por «Tipo de documento de identificación» (campo 1), «Número do documento de identificación» (campo 2), «Data de vencemento» (campo 14) e «Código do depósito rexistrado en España ou en sucursal doutro país da UE» (campo 15). Estes campos conforman a clave única do rexistro.»

ii) Modifícase o cuarto punto, sobre as características xerais do arquivamento, que queda redactado como segue:

«No rexistro incluíranse os depósitos e os fondos das sociedades non financeiras, dos fogares e das administracións locais cun orzamento anual igual ou inferior a 500.000 euros, con independencia de que os depósitos e fondos sexan admisibles ou non para a súa cobertura polo FGD. Tamén se incluírán os saldos mantidos por empresas de servizos de investimento en contas instrumentais e transitorias de efectivo abertas na entidade ou sucursal adscrita ao FGD, a nome da empresa de servizos de investimento por conta dos seus clientes cuxos depósitos non estean excluídos da cobertura do FGD en virtude do número 4 do artigo 4 do Real decreto 2606/1996, debidamente individualizados para cada un deles.»

- iii) Modifícase a descrición do campo 11, que queda redactado como segue:
- «Campo 11. Correo electrónico do titular.
- Formato: alfanumérico.
 - Lonxitude: 125.
 - Contido: correo electrónico (*e-mail*) de contacto do depositante. O formato deberá cumprir co estándar da internet RFC-822. Este campo cubrirase sempre que o dato se encontre dispoñible. En caso contrario, cubrirase con 125 espazos en branco.»
- iv) Modifícase a descrición do campo 15, que queda redactado como segue:
- «Campo 15. Código do depósito rexistrado en España ou nunha sucursal doutro país da UE.
- Formato: alfanumérico.
 - Lonxitude: 39.
 - Contido: o campo formarase da seguinte maneira:
 - As dúas primeiras posicións conterán os caracteres «ES» para os depósitos rexistrados en España, ou o código ISO 3166 alfa-2 do país onde estea radicada a sucursal para depósitos noutros países da UE.
 - As tres seguintes posicións conterán o código ISO 4217 da moeda do depósito.
 - As 34 posicións restantes conterán o código que a entidade ou sucursal adscrita ao FGD lle asigne ao depósito. Este código será único para cada depósito mantido por empresas de servizos de investimento en contas instrumentais e transitorias de efectivo abertas na entidade ou sucursal adscrita ao FGD, a nome da empresa de servizos de investimento por conta dos seus clientes. En consecuencia, o código será o mesmo en cada un dos rexistros individualizados correspondentes aos clientes da empresa de servizos de investimento incluídos no dito depósito.»
- v) Modifícase a descrición do campo 16, que queda redactado como segue:
- «Campo 16. Tipo de depósito.
- Formato: numérico.
 - Lonxitude: 3.
 - Contido: código interno que a entidade ou sucursal adscrita ao FGD lle asigne ao tipo de depósito de que se trate. Como exemplo, poderíanse asignar os códigos do seguinte modo: contas de aforro (001), contas correntes (002), etc. Os saldos mantidos na entidade ou sucursal adscrita ao FGD, por empresas de servizos de investimento en contas instrumentais e transitorias de efectivo por conta dos seus clientes, deberán figurar identificados mediante un código propio.»
- vi) Modifícase a descrición do campo 17, que queda redactado como segue:
- «Campo 17. Número total de titulares.
- Formato: numérico.
 - Lonxitude: 8.
 - Contido: número total de titulares do depósito. Sempre será un número maior de cero. No caso dos saldos mantidos na entidade ou sucursal adscrita ao FGD, por empresas de servizos de investimento en contas instrumentais e transitorias de efectivo por conta dos seus clientes, figurará o número de clientes.»

vii) Modifícase a descrición do campo 18, que queda redactado como segue:

«Campo 18. Número de titular.

- Formato: numérico.
- Lonxitude: 8.
- Contido: número de orde que corresponde ao titular no número total de titulares do depósito.»

viii) Modifícase a descrición do campo 19, que queda redactado como segue:

«Campo 19. Importe.

- Formato: alfanumérico.
- Lonxitude: 15.
- Contido: importe principal ou nominal máis os xuros devindicados na data a que se refiren os datos do depósito. En caso de que se trate dun depósito con máis dun titular, o importe incluírase na parte correspondente a cada titular. No caso dos saldos mantidos por empresas de servizos de investimento en contas instrumentais e transitorias de efectivo abertas na entidade ou sucursal adscrita ao FGD, a nome da empresa de servizos de investimento por conta dos seus clientes cuxos depósitos non estean excluídos da cobertura do FGD en virtude do número 4 do artigo 4 do Real decreto 2606/1996, o importe incluírá o saldo correspondente a cada cliente.

O importe incluírase cun signo e dous decimais. A primeira posición sempre será «-» se o saldo do depósito é negativo (descubertos en conta corrente) e se cumpren as condicións establecidas no artigo 7.2 do Real decreto 2606/1996, ou «+» se é positivo. As outras 14 posicións completaranse con ceros á esquerda e conterán o importe, que deberá estar expresado en céntimos de euro, e os dous últimos díxitos serán os correspondentes aos decimais do importe, sen incluír en ningún caso o signo decimal «,». Cando o importe sexa cero, a primeira posición será «+» e as 14 posicións seguintes serán ceros.

Os depósitos non denominados en euros converteranse a euros:

- En caso de evento de pagamento, os depósitos converteranse a euros aplicando o tipo de cambio do día en que se produza algún dos feitos citados no artigo 8.1 do Real decreto 2606/1996, ou do día anterior hábil cando sexa festivo.
- No resto dos casos, aplicarase o tipo de cambio correspondente á data de referencia dos datos.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta circular entrará en vigor o 30 de xuño de 2021.

Madrid, 28 de xaneiro de 2021.–O gobernador do Banco de España, Pablo Hernández de Cos.

ANEXO

ANEXO 1

Información para determinar as bases de cálculo das achegas ao Fondo de Garantía de Depósitos

Parte A: Información relativa aos compartimentos de garantía de depósitos e de valores

CONCEPTOS	Número de titulares (a)	Importe (b)
A) Compartimento de garantía de depósitos		
1 Depósitos de sociedades non financeiras e fogares correspondentes a negocios en España e en sucursais noutros Estados membros da UE (c)		
1.1 Negocios en España (c)		
1.2 Negocios en sucursais noutros Estados membros da UE (c)		
2 Saldos excluídos por non consideralos depósitos o art. 4 do RD 2606/1996		
2.1 Pactos de recompra (d)		
2.2 Depósitos cuxo principal non é reembolsable polo seu valor nominal (e)		
2.3 Resto de saldos excluídos (f)		
3 Depósitos de administracións locais admisibles (h)		
4 Depósitos de empresas de servizos de investimento admisibles (o)		
5 Fondos non rexistrados como depósitos procedentes de situacións transitorias admisibles (g)		
6 Depósitos admisibles (1 - 2 + 3 + 4 + 5)		
6.1 Negocios en España (c)		
6.2 Negocios en sucursais notros Estados membros da UE (c)		
Pro memoria: importe especialmente protexido (i)		
7 Importe non garantido por exceder o límite máximo garantido (j)		
7.1 Fogares (c)		
7.2 Pemes (c)		
7.3 Grandes empresas (c)		
7.4 Administracións locais		
8 Importe garantido depósitos (6 - 7)		
8.1 Negocios en España (c)		
8.2 Negocios en sucursais noutros Estados membros da UE (c)		
B) Compartimento de garantía de valores		
1 Valores e outros instrumentos financeiros (k)		
1.1 Negocios en España (c)		
1.2 Negocios no estranxeiro admisibles (c) (l)		
2 Importe dos valores e doutros instrumentos financeiros que excede o límite máximo garantido (m)		
3 Importe garantido dos valores e doutros instrumentos financeiros (1 - 2)		
3.1 Negocios en España (c)		
3.2 Negocios no estranxeiro admisibles (c) (l)		
Pro memoria: cotizados nun mercado secundario (n)		
Pro memoria: non cotizados nun mercado secundario (n)		

Parte B: Detalle dos depósitos admisibles e garantidos por países

Localización da sucursal (p)		
Negocios en sucursais noutros Estados membros da UE (c)	Número de titulares (a)	Importe (b)
Depósitos admisibles		
Importe garantido dos depósitos		

a) Número de titulares con depósitos ou valores e outros instrumentos financeiros garantidos en unidades.

Para reflectir o número de titulares dos depósitos garantidos, terase en conta o sinalado no artigo 7, números 4 e 5, do Real decreto 2606/1996. No caso dos saldos mantidos por empresas de servizos de investimento en contas instrumentais e transitorias de efectivo abertas na entidade ou sucursal adscrita ao FGD declarante, a nome da empresa de servizos de investimento por conta dos seus clientes, computarase como número de titulares o número de clientes da empresa de servizos de investimento, segundo se especifica nas características xerais do Rexistro dos depósitos recibidos do anexo 2.

Para reflectir o número de titulares dos valores e outros instrumentos financeiros garantidos, terase en conta o sinalado no artigo 7 bis, números 3 e 4, do Real decreto 2606/1996.

b) O importe será o que resulte de aplicar os criterios de valoración da norma terceira da circular que regula este estado. O importe expresarase en unidades de euro.

c) Os termos «depósitos», «sociedades non financeiras», «fogares», «pemes», «grandes empresas», «negocios en España» e «negocios no estranxeiro» coinciden cos que se inclúen na Circular do Banco de España 4/2017. O termo «negocios en sucursais noutros Estados membros da UE» refírese aos depósitos rexistrados nos libros das sucursais da entidade radicadas noutros Estados membros da Unión Europea.

d) Pactos de recompra (ou cesións temporais de activo) segundo se definen na Circular do Banco de España 4/2017, valorados conforme o sinalado na letra (b) anterior.

e) Depósitos –híbridos ou estruturados– que, por poder ter rendibilidades negativas, non teñen a consideración de depósitos, para efectos do Real decreto 2606/1996, porque o seu principal non é reembolsable polo seu valor nominal ou só o é cunha garantía ou acordo especial da entidade ou dun terceiro (artigo 4.1 do Real decreto 2606/1996).

f) Certificados de depósito nominativos emitidos desde o 2 de xullo de 2014, así como depósitos distintos dos mencionados nas notas anteriores que se teñen que excluír integramente da cobertura do FGD, conforme o disposto no artigo 4 do Real decreto 2606/1996.

g) Fondos, non rexistrados como depósitos, procedentes de situacións transitorias por operacións de tráfico, conforme o sinalado no artigo 4.1 do Real decreto 2606/1996, a nome de titulares cuxos depósitos non estean excluídos da cobertura do FGD en virtude do número 4 do artigo 4 do Real decreto 2606/1996, correspondentes a negocios en España e en sucursais noutros Estados membros da UE. Inclúe, en todo caso, os recursos en diñeiro que se confíansen á entidade para a realización dalgún servizo de investimento, de acordo co texto refundido da Lei do mercado de valores, ou que proveñan da prestación por parte da entidade destes servizos de investimento aos ditos clientes.

h) Depósitos constituídos polas administracións locais cun orzamento anual igual ou inferior a 500.000 euros, salvo que non sexan admisibles por cumpriren algún dos criterios sinalados nas letras anteriores.

i) Importe total dos depósitos admisibles que está especialmente protexido. Para os efectos desta circular, enténdese por «importe especialmente protexido» a contía que, estando incluída no saldo positivo da conta ou depósito de que se trate, estea garantida, con independencia do seu importe, durante tres meses contados desde o momento en que o importe fose aboado ou a partir do momento en que pasase a ser legalmente transferible,

conforme o disposto no artigo 10.1, parágrafo segundo, do Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro, polo que se crea o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito.

j) Parte do importe dos depósitos admisibles, excluído o importe especialmente protexido, que supere o límite garantido, conforme o disposto nos artigos 10.1 do Real decreto lei 16/2011 e 7 do Real decreto 2606/1996. No caso dos saldos mantidos por empresas de servizos de investimento en contas instrumentais e transitorias de efectivo abertas na entidade ou sucursal adscrita ao FGD declarante, a nome da empresa de servizos de investimento por conta dos seus clientes, a clasificación por sectores realizarase en función da natureza do cliente.

k) Importe dos valores negociables e outros instrumentos financeiros previstos no artigo 2 da Lei do mercado de valores que, conforme o artigo 4.2 do Real decreto 2606/1996, fosen confiados á entidade para o seu depósito ou rexistro, ou para a realización dalgún servizo de investimento, polas sociedades non financeiras e polos fogares, así como polos entes locais cun orzamento anual igual ou inferior a 500.000 euros, que correspondan a negocios en España e en terceiros países admisibles para estes efectos (segundo se definen estes últimos na seguinte letra). Os valores e instrumentos financeiros incluírán, en todo caso, os adquiridos en nome propio por conta de terceiros, os confiados por terceiros e os valores recibidos en préstamo, así como os que fosen obxecto de pacto de recompra (cesión temporal) e sigan anotados ou rexistrados na entidade cedente.

l) Negocios rexistrados nos libros das sucursais da entidade no estranxeiro, salvo que, conforme o artigo 4.2 do Real decreto 2606/1996: a) estean localizadas en territorios definidos como paraísos fiscais pola lexislación vixente ou nun país ou territorio que careza de órgano supervisor dos mercados de valores, ou cando, mesmo existindo, se neguen a intercambiar información coa Comisión Nacional do Mercado de Valores, ou b) estean localizadas en países non comunitarios que dispoñan de sistemas nacionais de indemnización dos investidores equivalentes aos españois.

m) Parte do importe dos valores e outros instrumentos financeiros admisibles que supere o nivel de cobertura establecido no artigo 7 bis do Real decreto 2606/1996.

n) Os valores e outros instrumentos financeiros garantidos distribuiranse en función de se cotizan ou non nun mercado secundario.

o) Depósitos constituídos por empresas de servizos de investimento en contas instrumentais e transitorias de efectivo abertas na entidade ou sucursal adscrita ao FGD declarante, a nome da empresa de servizos de investimento por conta dos seus clientes cuxos depósitos non estean excluídos da cobertura do FGD en virtude do número 4 do artigo 4 do Real decreto 2606/1996.

p) Elaborarase unha folla para cada un dos países da UE, excepto España, en que a entidade declarante teña establecida unha sucursal e outra para a suma total dos países declarados.